

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO PULPO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Carballiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello, para o apoio á celebración da Festa do Pulpo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)  
[15897 Santiago de Compostela](#)  
[turismo.gal](#)





correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

**Segundo.-** Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O concello do Carballiño ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Pulpo.

**Cuarto.-** A Festa do Pulpo do Carballiño é unha antiga romaría que cumpre cincuenta e seis anos de historia e que debe o seu éxito á exaltación dunha das manifestacións gastronómicas máis típicas de Galicia, a degustación do pulpo á feira, que chegou a converter este produto orixinal das rías galegas no prato máis característico e popular desta localidade do interior convertendo a esta romaría popular nunha auténtica tradición. A orixe de que o pulpo tivese no Carballiño o seu feudo sendo un produto de mar era o pago en especie que se facía na Idade Media ás ordes monásticas de Oseira pola explotación das súas posesións portuarias nas Rías Baixas.





Pola súa singularidade e especiais características esta festa foi declarada de **Interese Turístico Internacional** no ano 2022.

**Quinto.-** Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello do Carballiño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

